

PROXECTO CHARCAS CON VIDA

Lucía Parente e Ramsés Pérez*

As charcas son pequenos ecosistemas cun grande valor, porén apenas teñen sido obxecto de iniciativas para o seu estudo e conservación en Galiza. ADEGA vén de poñer en marcha unha iniciativa que baixo o nome de Charcas con vida pretende contribuír á divulgación dos valores dos pequenos humidais mediante actuacións que vinculen educación ambiental, voluntariado ambiental e custodia do territorio. O proxecto conta coa colaboración da Fundación Biodiversidade, do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente e realízase en convenio co CIBIO (Centro de Investigación em Biodiversidade e Recursos Genéticos de Portugal).

AS CHARCAS IMPORTAN

Desde hai tempo ADEGA realiza diferentes accións para denunciar ou promover a conservación de pequenos humidais e nomeadamente das charcas. Porén, a lexislación deixa pouco campo de actuación para protexer estes espazos, xa que aqueles menores de 2 Ha non se consideran humidais e carecen polo tanto de protección efectiva. Debido a isto, centos destes espazos teñen sido destruídos impunemente nos últimos anos.

Durante o ano 2008, ADEGA desenvolveu o *Proxecto Castiexias: de Anfibios, Charcas e Persoas*, unha experiencia de recuperación de charcas para anfibios nun primeiro momento. Esta iniciativa demostrou como de maneira sinxela a restauración dunha antiga poza de rego podía contribuír á mellora do hábitat de varias especies de anfibios. Alén disto, a actuación amosou como a restauración dun elemento patrimonial pode contribuír á conservación da biodiversidade, e como a custodia do territorio é unha ferramenta válida para este propósito (ver máis sobre Castiexias en Cerna 60, páx. 40-41).

INICIATIVA CHARCAS CON VIDA

Coa intención de seguir difundindo os valores e importancia das charcas e de contribuír á súa conservación nace o proxecto *Charcas con vida*. A iniciativa pretende dar solucións ao problema de desaparición de charcas e da biodiversidade que acollen, así como fomentar actuacións para conservarlas. Tres son as liñas de actuación: divulgación da importancia e dos valores das charcas; creación dunha rede cidadá para o inventariado e estudo de charcas e actuacións de construción e recuperación de charcas mediante acordos de custodia do territorio e voluntariado ambiental.

Ramsés Pérez



As charcas son un excelente recurso para a educación ambiental.

A Unidade de Divulgación e Comunicación de Ciéncia em Biodiversidade do CIBIO (Portugal) estableceu un convenio con ADEGA para a realización deste proxecto, en febreiro de 2013. Esta entidade promove o proxecto *Charcas con vida* no país veciño. Dita iniciativa tamén ten como obxectivo o achegamento da poboación ás charcas e traballos de conservación para a mellora destes ecosistemas. As dúas entidades pretenden compartir información e ampliar a rede de cidadás e cidadáns entre Galiza e Portugal que inventarién e protexan charcas e charcos.

DIVULGACIÓN

Un dos primeiros obxectivos de *Charcas con vida* é a divulgación do valor das charcas. Estes ecosistemas albergan importantes poboacións de plantas e algas acuáticas, anfibios, ou invertebrados que precisan deste medio para completar o seu ciclo vital. As charcas tamén son corredores biolóxicos, constitúen importantes elementos patrimoniais e ofrécennos numerosos beneficios ecosistémicos. É por isto que os pequenos humidais son espazos cun

grande potencial para a educación ambiental e a investigación.

O traballo de divulgación realízase mediante diferentes actividades. A primeira delas foi a realización do encontro *Charcas con vida: iniciativas para a conservación de charcas*, realizado o día 2 de febreiro Día mundial dos humidais na cidade de Pontevedra e financiado polo concello desta cidade.

Así mesmo estanse a elaborar diferentes materiais divulgativos para o estudo e inventariado de pequenos humidais. Tamén se organizarán xornadas divulgativas e saídas formativas para dar a coñecer estes ecosistemas, os seus valores e beneficios.

A web www.charcasconvida.org será o espazo onde se poderán consultar as novas, actividades, documentos, etc., froito deste proxecto. A web será un espello da portuguesa www.charcoscomvida.org.

INVENTARIADO E ESTUDO

Alén de dar a coñecer a importancia das charcas, desenvolveranse diferentes



ADEGA recuperou unha poza de rego en Montederramo mediante voluntariado ambiental e baixo un acordo de custodia do territorio.



Inspección e estudo dunha charca.

iniciativas de participación social para contribuir ao seu estudo e conservación. Baseándonos na metodoloxía do *aprender facendo* en ADEGA entendemos que a mellor maneira é implicar á cidadanía e coa práctica. Así, continuando co frutífero camiño do *Proxecto Ríos* preténdese crear unha rede de cidadás e cidadáns que fagan inventario e estuden as charcas que teñan preto da súa casa, lugar de vacacións, aldea, etc.

Calquera persoa poderá incorporar charcas ao inventario galego, bastará con inscribirse na web do proxecto e, simplemente cubrindo un pequeno cuestionario, localizar a súa charca, pía ou fonte.

Ademais de inventariar a charca, pódese contribuir á súa conservación mediante a realización de dúas inspeccións ao ano, en primavera e verán, empregando os materiais proporcionados de forma gratuíta polo proxecto, manual de inspección de charcas e fichas de identificación.

Todos estes datos contribuirán a elaborar un inventario de charcas de Galicia que estará permanentemente actualizado na web do proxecto, tamén axudarán a coñecer cal é o estado dos nosos pequenos humidaís.

CUSTODIA DO TERRITORIO E VOLUNTARIADO AMBIENTAL

A creación e recuperación de charcas tense demostrado como un método sinxelo e eficaz que implica múltiples beneficios. Por iso, alén do estudo e inventariado de pequenos humidaís, outro obxectivo de *Charcas con vida* é desenvolver actuacións de creación e recuperación de charcas, enmarcadas en

acordos de custodia do territorio e co apoio do voluntariado ambiental.

Charcas con vida realizará o deseño de novas charcas coherentes co seu contorno e nas que se creen microhábitats axeitados para a biodiversidade do lugar. Así mesmo, realizaranse actuacións de recuperación de pequenos humidaís, como pozas, charcas, etc., que teñan algún tipo de problema (colmataxe, abandono, falta de auga, residuos, etc).

Para levar adiante estas actuacións preténdese asinar acordos de custodia do territorio cos propietarios de terreos onde se atopen as charcas e deste xeito sumar persoas no labor de conservación do noso patrimonio natural e cultural. Como peza chave, *Charcas con vida* contará con voluntariado ambiental para levar adiante as actuacións de creación e recuperación de charca.

Coa experiencia gañada nestas actuacións e coa opinión e achegas de persoas que teñan realizados experiencias semellantes, *Charcas con vida* elaborará un Manual de creación e recuperación de charcas.

ENCHÁRCATE!

Charcas con vida é un proxecto dirixido a toda a cidadanía no que poden participar asociacións, centros de ensino, amigos, familias, etc. Se che interesa inventariar unha charca, participar no voluntariado ambiental, se tes unha finca cunha charca e queres asinar un acordo de custodia, etc., ponte en contacto con nós: charcas@adega.info

* Lucía Parente e Ramsés Pérez son educadores ambientais de ADEGA.
+ info en:
www.charcasconvida.org,
www.charcoscomvida.org,
<https://www.facebook.com/CharcasConVida>-
Este foi o texto da placa inserida nun monó-



A primeira charca construída dentro do programa "Charcas con Vida" de ADEGA creouse o 13 de abril na Eira da Xoana. Participaron nesta actividade máis de 40 voluntarios e voluntarias.